

Autor: **MANUEL JANEIRO**

Ilustrador: **JUAN RAMÓN ALONSO**

Encadernado en cartón. 80 páxinas. Ilustracións a cor. 16x24 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Pucho, o habitador dos tellados"
ISBN 978-84-8464-609-9

-Castelán: "Pepito, el habitador de los tejados"
ISBN 978-84-96388-53-6

Prezo: 14 €

PUCHO, O HABITADOR DOS TELLADOS

◆ **TERCEIRO PREMIO NACIONAL DE EDICIÓN 2007** (Libros Infantís e Xuvenís)

◆ **LISTA DE HONRA DO IBBY** (Organización Internacional para o Libro Xuvenil)

No ano 1951 ou 52 ou 53, como moito en 1956, vivía en Madrid unha familia composta por un pai e un fillo. Vivían nun barrio que miraba ao oeste, nunha rúa que se chamaba Mediodía Grande. A súa casa era o derradeiro piso... Ata o horizonte, ata no solpor, ata nas mesmas nubes, había tellados.

-Ves Pucho, cantos tellados? Seica é o campo -dicia o pai cando saían...

KALANDRAKA presenta unha novela que destaca polo seu realismo e intensidade poética. Manuel Janeiro crea un texto entrañable, con descripcións precisas e evocadoras que parecen beber de fontes como Dickens, o Sánchez Ferlosio de "Industrias y andanzas de Alfanhuí", ou "El barón rampante" de Italo Calvino.

Paisaxes, sentimentos e situacións xurden na imaxinación do lector grazas á sensibilidade coa que o autor desgrana a vida do protagonista, vítima dun dos episodios máis desgarradores da nosa historia. Un orfo que subsiste con valentía ante as adversidades e que nos fai apreciar o auténtico valor das pequenas cousas. Co seu descubrimento do mundo que lle rodea, Pucho saca a relucir o fulgor do humilde; os tellados nos que vive semellan o símbolo do mundo dos soños, da imaxinación e da liberdade.

As ilustracións de Juan Ramón Alonso transpórtannos ao Madrid dos anos 50 e preséntannos a un Pucho risoño e inocente. O artista combina os seus debuxos a lapis con fotografías dos espazos nos que se ambienta a historia. O resultado é un traballo creativo e sinxelo.

"Pucho, o habitador dos tellados", galardoado polo Ministerio de Cultura co Premio Nacional de Edición 2007 na categoría de libros infantís e xuvenís e incluído na Lista de Honra do IBBY (Organización Internacional para o Libro Xuvenil), é un exercicio de memoria que se apoia na infancia e na vida. Un traballo suxerente e máxico que nos emocionará...

MANUEL JANEIRO (Madrid, 1951)

Deseñador gráfico e escritor. Fundou o primeiro estudo profesional de deseño gráfico de Galicia en 1978. No eido do deseño editorial realizou máis de 2.500 libros. Participou en varias exposicións. É membro da Comisión Técnica de Deseño do "Consello da Cultura Galega" e do Consello Asesor da Fundación Carlos Casares. Traballou na imaxe corporativa das editoriais Galaxia e Gredos, da que segue sendo responsable de

deseño, da "Real Academia Galega" e da Fundación Carlos Casares, entre outras. Tamén realizou o deseño editorial das publicacións do "Consello da Cultura Galega". Exerce a docencia no Colexio Martín Codax de Vigo dende 1975. É autor de poemarios, artigos e guións de traballos audiovisuais. Pertenceu aos consellos de redacción do Suplemento *La Pizarra* en Faro de Vigo, da Revista Galega de Educación e de *Obradoiro*, a revista do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

JUAN RAMÓN ALONSO (Madrid, 1951)

Estudou pintura na Escola de Belas Artes de San Fernando (Madrid) onde obtivo o título de profesor de debuxo. Dedicouse á ensinanza durante máis de 25 anos e, dende 1980, compaxinou esta actividade co seu labor no eido da ilustración. A partir de 1995, traballa exclusivamente como ilustrador. Utiliza para o seu traballo a acuarela e os lápices de cores, cos que logra creacións de moita forza, expresividade e vida propia. É portadista de coleccións para adultos e colaborador de El País ao longo de 22 anos. Os seus debuxos apareceron en editoriais nacionais e estranxeiras, con máis de 300 títulos publicados tanto en literatura infantil e xuvenil como en coleccións de adultos. Entre os galardóns que recibiu destacan o primeiro Premio Austral, en 1985, catro premios da Comisión Católica Española para a Infancia (1986, 1987, 1990, 1998) e o Premio Internacional de Ilustración da Fundación Santa María (1994).

- **Temática:** relato sobre un neno que, durante a posguerra española, convive coa pobreza da época
- **Idade recomendada:** lector xuvenil e adulto
- **Aspectos destacables:** O ton poético da narración e a proposta plástica, baseada na técnica da fotomontaxe. Galardoado co Terceiro Premio Nacional de Edición 2007 na categoría de libros infantís e xuvenís

